

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 23 DE XULLO 2007

Ás 9.30 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I** da acta desta sesión do Consello de Goberno. Xustifican a súa ausencia os Sres. Delgado Martín, Cao Abad, Valderruten Vidal, Casteleiro Maldonado e Faiña Medín.

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno das razóns polas que se realiza neste día a sesión do Consello de Goberno, reconducibles basicamente na necesidade de dar conta das reunións tanto da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) como do Consello de Universidades, realizadas o pasado día 18 de xullo.

O Sr. Reitor dálles conta aos membros do Consello de Goberno dos asuntos tratados na Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), reunida en asemblea xeral o 18 de xullo na Universidade Complutense de Madrid, centrados na análise e debate do proxecto do real decreto sobre ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, presentado polo Ministerio de Educación e Ciencia o pasado 27 de xuño. Unha vez realizada esta asemblea xeral, os reitores das universidades acudiron ao pleno do Consello de Universidades, en que adiantaron ao Ministerio as impresións, conclusións e acordos acadados na citada asemblea xeral. Finalmente, e despois do trabazo previo da Comisión Académica Sectorial das Universidades Españolas (CASUE), que elaborou un documento final coas conclusións da asemblea [que pode localizarse en [http://www.crue.org/pdf/Doc.%20CRUE%20enseñanzas%20universitarias%20\(30-07-07\).pdf](http://www.crue.org/pdf/Doc.%20CRUE%20enseñanzas%20universitarias%20(30-07-07).pdf)], co título «Informe sobre el borrador de real decreto por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales, de fecha 26 de junio de 2007], a CRUE acordou manter unha nova reunión co Ministerio para entregarlle o texto coas suxestións.

O Sr. Reitor tamén aproveita este punto da orde do día para indicar que o pasado día 21 de xullo a Fundación de la Ingeniería Civil de Galicia materializou a cesión, por doazón, á Universidade da Coruña de valiosísimos materiais, que poden localizarse na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos. O Sr. Reitor quere agradecer expresamente aquí tamén, en nome da Universidade da Coruña, á Fundación de la Ingeniería Civil de Galicia esta doazón e o apoio que sempre prestou á nosa universidade. Igualmente, dálles conta aos membros do Consello de Goberno das visitas institucionais realizadas polos Sres. Embaixadores de Nova Zelandia e Australia en España; e tamén da visita institucional realizada polo Conselleiro de Innovación e Industria, o Sr. Fernando Xavier Blanco Álvarez, para asinar un novo convenio coa Universidade da Coruña en que se reforza o parque tecnolóxico da nosa universidade. Remata a súa intervención o Sr. Reitor anunciando que vai formalizar a solicitude correspondente para que na próxima sesión deste Consello de Goberno se aprobe, se proceder, a concesión da medalla de ouro da Universidade da Coruña aos Sres. Andrés Fernández-Albalat Lois, Cesar Portela Fernández-Jardon e José Manuel Gallego Jorroto, profesores da Universidade da Coruña de recoñecido prestixio.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen comeza a súa intervención indicando que a Comisión de Investigación, na súa reunión do día 5 de xullo de 2007, emitiu informe favorable ás memorias dos Institutos de Estudos Europeos, Medio Ambiente e Estudos Irlandeses, de conformidade co establecido no regulamento de creación, modificación e supresión de Institutos da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello de Goberno no seu día. Neste sentido, sinala a Sra. Vicerreitora que só queda pendente a memoria do Instituto de Ciencias da Saúde, que está á espera da posible aprobación e acreditación nun instituto mixto. Igualmente, sinala que no Diario Oficial de Galicia (DOG do 12 de xullo) publicouse a resolución de axudas da Dirección Xeral de Promoción Científica e tecnolóxica do SUG para a celebración de Congresos e outras reunións científicas, correspondéndolle á Universidade da Coruña 54.500 euros para un total de 46 accións. Remata a súa intervención sinalando que a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Xunta de Galicia informou da aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, o pasado día 19, da convocatoria do programa de Recursos Humanos. Aínda que se podería publicar no Diario Oficial de Galicia

(DOG) inmediatamente, acordouse adiar á súa publicación até mediados de agosto (entre el 10 e o 18) para que o prazo de presentación de solicitudes inclúa días do mes de setembro.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Xerente, quen informa de asuntos relacionados especificamente co persoal de administración e servizos da nosa universidade. Sinala que se están a desenvolver con normalidade as diferentes probas para o acceso aos grupos A, B e C da Escala Oficial de Bibliotecas, logo da publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) da convocatoria, dos temarios e dos tribunais. Tamén dá conta de que, logo da publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) da convocatoria do grupo D de Auxiliares Administrativos, no día de hoxe estase a efectuar a sesión constitutiva do tribunal para comezar o efectivo proceso selectivo para a cobertura das devandidas prazas. A respecto das convocatorias de concursos, sinala que estanse a realizar os concursos públicos para a cobertura de prazas do persoal de administración e servizos funcionario e laboral. Igualmente dá conta da remisión ao Diario Oficial de Galicia (pendente, por tanto, da publicación, que espera que se produza nos próximos días) da convocatoria para a cobertura das prazas de coordinadores informáticos. Conclúe a súa intervención informando da constitución da Comisión de Funcionarización, que xa está plenamente operativa, analizando o xeito de proceder á funcionarización do persoal laboral de administración e servizos desta universidade, de cara a acadar a figura única do persoal de administración e servizos; e tamén, indicando que, despois de diversas reunións da Comisión de Formación, xa está practicamente ultimado o Plano Trienal de Formación do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, que será sometido á aprobación deste Consello de Goberno no mes de setembro.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa aos membros do Consello de Goberno da posta en marcha dos contratos programa, cuxo prazo de solicitude remata o día 27 de xullo e que cubre accións para centros, departamentos, profesorado e persoal de administración e servizos; do remate da avaliación docente (aproximadamente, 17,7% de participación do estudantado, 41,1% do profesorado e 14% do persoal de administración e servizos); da asignación da Oficina de Coñecemento Aberto á Comisión de Soporte Docente, sendo esta Oficina un requisito para asinar o convenio do *Open Course Ware*; da posibilidade de abrir un espazo da Universidade da

Coruña en *Second Life*, na que se colocarían contidos virtuais que están determinados; e finalmente, da reunión da Comisión de Garantía da Calidade da nosa universidade, en que se aprobou o seu regulamento de réxime interno e se informou da situación actual na política de calidade da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, quen informa da fase actual do procedemento de expropiación dos terreos para a area residencial e para o parque tecnolóxico da Universidade da Coruña. Remata a súa intervención informando do grao de elaboración dos traballos que se están a realizar con motivo da formalización coa Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia do convenio para a recuperación e reintegración cultural do patrimonio da Universidade da Coruña

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións e validacións de expedientes executadas desde a última sesión do Consello de Goberno. Realizáronse imputacións por valor de 3.388,79 euros, informando de tal feito á Comisión de Asuntos Económicos e validacións de expedientes por valor de 407.627,69 euros tamén de acordo coa Comisión de Asuntos Económicos.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen comeza a súa intervención indicando que o pasado día 2 de xullo a Consellería de Traballo, a través da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, resolveu prorrogar a subvención á Universidade da Coruña para a contratación de tres técnicos de emprego e un auxiliar no Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE). Ademais desta prórroga, a Consellería de Traballo resolveu, como algo novidoso, subvencionar a contratación doutro técnico para a área de autoemprego do Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE), con destino en Ferrol, que até agora non contaba cun técnico desta área no seu campus. A petición da Universidade da Coruña, a Consellería de Traballo resolveu subvencionar tamén o proxecto de creación dunha unidade de apoio para a captación de mercados laborais nos Espazos Europeos de Educación e de Investigación. O obxectivo desta unidade, tamén dependente do Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE), será realizar unha análise, procura e captación de nichos de

mercado e creación de empresas en diversos países estranxeiros, sempre coa finalidade de conseguir unha maior integración dos estudantes e titulados da Universidade da Coruña no mercado laboral europeo.

A respecto do viveiro de empresas da Universidade da Coruña, o Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa dá conta de que a comisión encargada da avaliación das empresas de base tecnolóxica do viveiro de empresas da nosa universidade, reunida a o pasado 17 de xullo para examinar as cinco solicitudes presentadas á convocatoria de dous espazos no viveiro de empresas aberta o pasado 18 de xuño e pechada o 2 de xullo, resolveu admitir no viveiro da UDC as iniciativas empresariais de: 1) SORBIGAL, cuxo obxectivo é valorización de residuos procedentes da biomasa, mediante a súa transformación en materiais adsorbentes comercialmente competitivos, promovida polo Sr. Manuel Sastre de Vicente, profesor da Facultade de Ciencias; 2) BLUTUMARKET, cuxo obxectivo é a utilización de tecnoloxía *Blue tooth* como medio para a transmisión de paquetes de datos e equipos multimedia, promovida polo Sr. Ivan Otero González, estudante da Facultade de Informática. Coa entrada destas dúas empresas os sete espazos do viveiro están ocupados actualmente por Trabe Soluciones SL e Fismare Innovación para a Sostenibilidade SL (que xa están constituídas, tendo aprobado o seu plano de negocio); e Ilux Visual Technologies SL, Acore SL e Plain Concepts, que aínda non teñen valorado o seu plano de negocio. Sempre neste concreto apartado, o Sr. Vicerreitor dá conta tamén de que se acordou recoñecer a empresa Q-Landers, promovida polo profesor da Facultade de Informática D. Juan Ares Casal, como empresa de base tecnolóxica da Universidade da Coruña, dado que foi acollida no programa empresa-concepto no que participan as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia; actuándose, en consecuencia, do mesmo xeito que se fixera coa empresa Health in Code, promovida polo profesor Alfonso Castro Beiras, do Instituto de Ciencias da Saúde, que no seu momento se acolleu a este programa da Xunta. Remata a súa intervención indicando que o recoñecemento como empresa de base tecnolóxica da Universidade da Coruña rematará nestes casos ao finalizar o prazo de dous anos en que están acollidas a empresa-concepto.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, quen deixa constancia da presentación e posta en marcha da primeira oferta conxunta de cursos de verán da Universidade da Coruña

«*Cursos de Verán UDC 2007*». O Sr. Vicerreitor anima á dirección dos centros para incrementar esta oferta en anos sucesivos.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2007, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros, na Secretaría Xeral da Unversidade e na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir co establecido no artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral informa dos 76 convenios que figuran no **ANEXO III** da acta desta sesión do Consello de Goberno, clasificados en convenios marco (6), convenios específicos (un total de 13) e convenios para prácticas (un total de 57) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son **aprobados** por asentimento.

4. Mestrados e cursos propios de posgrao

Toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen intervén para dar conta da relación de mestrados e cursos propios de posgrao que figura no **ANEXO IV** da acta desta sesión do Consello de Goberno, informada favorablemente pola Comisión de Estudos Propios de Posgrao. Comeza a súa intervención indicando cal foi o procedemento seguido neste concreto asunto da orde do día. Neste sentido, sinala que, de acordo co regulamento de estudos propios de Posgrao, abriuse un prazo (concretamente, do 15 de maio ao 15 de xuño) para a presentación de solicitudes de renovación e de novas implantacións de cursos propios de posgrao. A respecto dos actuais, sinala que poderán ser impartidos no próximo curso académico cando teñan solicitado á súa prórroga e adxuntado as memorias correspondentes (tanto a académica como a económica). Trátase dun requisito que se esixe por vez primeira e que pode axudar a entender que, de momento, o número de solicitudes formalizadas non chegue ao 50 por cento. A Sr. Vicerreitora coida que este número pode

ser incrementado se se ten en conta que segue a ser posible formalizar as correspondentes solicitudes até o mes de setembro. Antes de proceder á quenda aberta de intervencións, a Sr. Vicerreitora tamén sinala que, despois de terse reunido a comisión para avaliar e resolver en consecuencia as solicitudes, o curso de especialización en protocolo e relacións Públicas foi o único que recibiu informe favorable. Como os restantes tiveron informes negativos, acordouse enviar unha carta en que se detallaban os aspectos dos expedientes que debían ser modificados. Precisamente, a documentación que no seu día foi enviada aos membros deste Consello de Goberno está formada polas fichas resumo dos cursos nos que, unha vez recibida a carta en cuestión, se cumpriron cos requisitos esixidos e foron informados favorablemente pola Comisión de Estudos Propios de Posgrao.

Despois dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Soraluze Blond, que se interesa polos criterios de admisión, que, segundo a Sra. Vicerreitora son os do expediente académico, **apróbbase** por asentimento a citada relación de mestrados e cursos propios de posgrao.

5. Materias de libre elección

Neste concreto punto da orde do día, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica tamén segue co uso da palabra para dar conta das materias de libre elección que figuran no **ANEXO V** da acta desta sesión do Consello de Goberno. A pesar de que oferta de materias de libre elección foi aprobada no Consello de Goberno do mes de maio, hai dúas concretas peticións de materias que non puideron formalizarse e que se traen a este Consello de Goberno para que, se proceder, acorde a súa aprobación.

Apróbanse por asentimento a relación de materias de libre elección.

6. Aprobación, se proceder, da proposta de regulamento da comisión de seguimento do Plano de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, quen informa detalladamente da proposta de regulamento da comisión de seguimento do Plano de Normalización Lingüística da

Universidade da Coruña, que consta no **ANEXO VI** da acta desta sesión do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento a proposta de regulamento da comisión de seguimento do Plano de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

7. Renovación contratación profesorado emérito

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da solicitude de renovación da contratación de profesorado emérito que figura no **ANEXO VII** da acta desta sesión do Consello de Goberno, que cumpre os requisitos esixidos legalmente para tales efectos e que foi informada favorablemente pola Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) na súa sesión do día 12 de xullo.

A solicitude de renovación da contratación de profesorado emérito, que figura no citado ANEXO, **apróbase** por asentimento.

8. Cambios Areas de Coñecemento

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa aos membros do Consello de Goberno das propostas de cambios de Areas de Coñecemento que se recollen no **ANEXO VIII** da acta desta sesión do Consello de Goberno.

Apróbanse por asentimento as propostas de cambios de Areas de Coñecemento.

9. Proposta de concesión «*venia docenci*»

O Sr. Vicerreitor de Profesorado segue co uso de palabra e propón, no asunto que agora toca tratar, que se retire da orde do día a proposta de concesión de «*venia docenci*» que figura como **ANEXO IX** da acta desta sesión do Consello de Goberno, por non reuniren os requisitos esixidos a solicitude en cuestión, relativos ao informe favorable do departamento con competencias sobre o tema; e tamén propón que o centro adscrito

interesado, que é o da Escola Universitaria de Enfermería, formalice canto antes outra solicitude.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Teijeiro Vidal, quen se interesa por saber se o informe do departamento está razonado e motivado. Despois de indicar o que Sr. Vicerreitor que o informe está razonado e motivado, **apróbbase** por asentimento retirar da orde do día este punto e solicitar que desde o centro adscrito en cuestión se formalice canto antes outra solicitude.

10. Prazas de profesorado

Neste concreto punto da orde do día, cuxa documentación figura no **ANEXO X** da acta desta sesión do Consello de Goberno, o Sr. Vicerreitor de Profesorado aclara que se trata da creación de prazas vinculadas á aplicación dos criterios do Plano de Organización Docente (POD) aprobados nunha sesión anterior do Consello de Goberno e de prazas para a docencia en mestrados oficiais. A respecto das prazas para a docencia en mestrados oficiais, o Sr. Vicerreitor de Profesorado quere aproveitar este punto da orde do día para propoñer tamén que a comisión encargada da selección estexa formada por cinco membros, que serían o Director do Centro como Presidente, o Director do Departamento como secretario e tres profesores como vogais designados pola Comisión Académica ou Docente do Mestrado.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Casabella López, quen se interesa nas solicitudes de prazas que non foron informadas positivamente, Recuero Astray, Teijeiro Vidal, Graña López, quen considera importante a presenza da figura do coordinador do mestrado na comisión de selección das prazas para a docencia en mestrados oficiais, Soraluze Blond e Rego Veiga, quen solicita que sexa retirada da orde do día, e sexa tratada na seguinte sesión do Consello de Goberno, a praza de profesor asociado P3 de Economía Financeira e Contabilidade, do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade, da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado indícalles que na seguinte sesión do Consello de Goberno se dará conta detalladamente das solicitudes que non foron informadas positivamente, que na comisión de selección das prazas para a docencia en mestrados oficiais, a respecto dos tres vogais, podese indicar que dos tres

un será o coordinador do mestrado se non é Director do Centro ou do Departamento; e por último, que se retira da orde do día desta sesión do Consello de Goberno a praza de profesor asociado P3 de Economía Financieira e Contabilidade, do Departamento de Economía Financieira e Contabilidade, da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Apróbanse por asentimento a convocatoria de prazas vinculadas á aplicación dos criterios do Plano de Organización Docente (POD) e a convocatoria de prazas para a docencia en mestrados oficiais, sen incluírse aquí a que foi retirada da orde do día, quedando formadas as comisións de selección destas últimas prazas por cinco membros, que serían o Director do Centro como Presidente, o Director do Departamento como secretario e tres profesores como vogais designados pola Comisión Académica ou Docente do Mestrado, dos que un deberá ser o coordinador do mestrado se non é Director do Centro ou do Departamento.

11. Proposta de tribunais para concurso de acceso de profesorado habilitado

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de tribunais para o concurso de acceso do profesorado habilitado que consta no **ANEXO XI** da acta desta sesión do Consello de Goberno. Sempre segundo o Sr. Vicerreitor, trátase dunha proposta que é consecuencia da aprobación por este Consello de Goberno da proposta de dotación dun determinado tipo de prazas.

Despois da intervención do Sr. Vicerreitor, e sen que se producise ningunha intervención, apróbase por asentimento a proposta de tribunais para o concurso de acceso do profesorado habilitado.

12. Licenzas

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dálles conta aos membros do Consello de Goberno da solicitude de licenza para os efectos de docencia e investigación que figura no **ANEXO XII** da acta desta sesión do Consello de Goberno. Trátase dunha licenza que ten informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP). A respecto deste asunto, o Sr. Vicerreitor tamén suxire estudar a posibilidade de facer algúns

cambios na normativa reguladora, de modo que as licenzas só teñan efectos a partir da toma de decisión por parte do Consello de Goberno.

Apróbanse por asentimento a licenza en cuestión.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado quere rematar este punto da orde do día sinalando que, en cumprimento do acordado na última sesión do Consello de Goberno, a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) estudou de novo as dúas solicitudes de licenza, formalizadas por profesores da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física e a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, que foron informadas negativamente. A Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) reafirmase na súa decisión de informar negativamente, sen entrar a valorar os requisitos materiais requeridos, por entender que non se cumpren os requisitos formais esixidos para solicitar os chamados «anos sabáticos», especialmente os relativos ao cumprimento dos sete anos nos corpos docentes. Trátase dunha decisión que ven avalada ademais pola asesoría xurídica da Universidade da Coruña, que confirma a legalidade da interpretación que fai deste tema a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP).

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Dopico Calvo, quen se interesa polo informe emitido pola asesoría xurídica da Universidade da Coruña. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado indícalle que se trata loxicamente dun informe razoado, en que se dá resposta á cuestión plantexada de se a interpretación que fai a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) é correcta do punto de vista legal, afirmándose que é unha decisión axustada plenamente á legalidade vixente. O Sr. Dopico Calvo intervén de novo para indicarlle ao Sr. Vicerreitor que non pode compartir esta interpretación porque pode ser demasiado restritiva e elitista, en tanto que pode evitar a realización da tarefa investigadora. O Sr. Vicerreitor de Profesorado respóstalle que non se trata dunha interpretación restritiva e elitista, na medida en que sempre se ten actuado deste maneira en todos os casos e non só no específico do profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, aparte o feito de que a investigación non se ve obstaculizada en tanto que existen outras licenzas para os efectos da docencia, que tamén están pensadas especificamente para a realización de tarefas investigadoras.

Ábrese outra quenda de intervencións, en que participan a Sra. Fernández López, quen entende moi correcta a interpretación que fai a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), que non debería ser cambiada porque mudar os criterios, sobre a base de que esta interpretación sempre foi a empregada, podería provocar prexuízos para aquelas persoas que no seu día viron como as súas solicitudes non cumprían os requisitos formais, ou non as formalizaron precisamente por entenderen que non reunían tales requisitos formais. Tamén intervén o Sr. Tuimil López, quen coincide co Sr. Dopico Calvo a respecto da interpretación que fai a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) da lexislación universitaria para a concesión dos chamados «anos sabáticos».

Acórdase por asentimento ratificar a decisión da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) a respecto das dúas solicitudes de licenza, formalizadas por profesores da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física e a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, que foron informadas negativamente. Para os efectos do establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os Sres. Dopico Calvo e Tuimil López solicitan que conste por escrito o seu voto en contra da ratificación da decisión da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP).

13. Aprobación, se proceder, do regulamento de réxime interno do Departamento de Computación

Apróbase por asentimento o regulamento de réxime interno do Departamento de Computación, mais condicionando esta aprobación a que, conservando a filosofía ou espírito do texto orixinario, se mellore a redacción do seu artigo 16.1 en todo o relativo ao voto secreto. Neste sentido, o Consello de Goberno suxire como redacción a seguinte: «Os acordos poderán ser adoptados por asentimento, coa proposta do Director do Departamento, por votación a man alzada, pública por chamamento ou secreta. En todo caso as votacións serán secretas cando afecten a persoas concretas, cando o acordo que se deba adoptar tiver carácter persoal ou cando o solicitar un membro do Consello de Departamento. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas ao

Consello non suscitaren oposición de ningún membro deste e non requirise outra forma de votación ningún membro».

14. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra a o Sr. González López, quen se interesa pola interpretación que debe facerse do artigo 11.9 do proxecto do real decreto sobre ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, relativo a títulos que habilitan para o exercicio dunha actividade profesional.

Toma a palabra o Sr. Fernández López, quen quere agradecerlle ao Sr. Xerente a súa información sobre temas relacionados co persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña. Coida que debe procederse xa á convocatoria de prazas de auxiliares e administrativos do grupo C, e tamén que debe acelerarse os asuntos relacionados co persoal laboral. Remata a súa intervención centrándose na convocatoria dunha bolsa de colaboración en tarefas informáticas para a Facultade de Dereito, que non comparte e critica porque está encubriendo un posto de traballo, tendo en conta o número de horas de dedicación esixidas, aparte o feito de que non existen un criterios claramente obxectivos de valoración dos méritos. Considera imprescindible que se proceda canto antes á aprobación dun regulamento de bolsas para evitar este tipo de convocatorias. En resposta, intervén o Sr. Xerente para indicarlle que ten razón na necesidade de acelerar a posta en marcha de determinado tipo de convocatorias; o Sr. Reitor, quen se compromete a traer a seguinte sesión do Consello de Goberno un regulamento de bolsas; e finalmente, o Sr. Rodríguez Gayan, quen considera que a convocatoria da bolsa de colaboración en tarefas informáticas para a Facultade de Dereito é idéntica ás realizadas noutros centros e servizos da nosa universidade.

Toma a palabra o Sr. Pena Agras, quen centra a súa intervención no tribunal de compensacións, interesándose en obter información na seguinte sesión do Consello de Goberno sobre o numero de estudantes que solicitan a compensación e sobre os resultados de tales solicitudes, tanto no caso concreto da Universidade da Coruña como no das Universidades de Santiago de Compostela e Vigo. Remata a súa intervención afirmando que, semellan necesarios certos cambios na normativa da nosa universidade neste apartado, pois, atendendo á experiencia do seu centro, en determinadas cuestións é realmente moi rixida.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Fernández, quen formula algunhas preguntas sobre o rexistro do seu centro, relativas esencialmente a quen debe facerse cargo deste cando a persoa responsable non está. O Sr. Xerente indicálle que, sobre a base de que o rexistro do centro non ten a consideración legal de rexistro oficial, a funcións relacionadas co mesmo poden ser realizadas por calquera outra persoa do persoal de administración e servizos do centro, correspondéndolle a asignación e reparto destas tarefas á persoa que teña ao seu cargo á administración do centro ou á persoa que asuma a dirección do centro. Igualmente, o Sr. Rodríguez Fernández solicita, se for posible, que se acelere o procedemento para cubrir as baixas do persoal de administración e servizos do seu centro, porque, en ocasións, hai certas dificultades para ofrecer os servizos nunhas mínimas condicións. O Sr. Xerente, en resposta, dálle conta de como se actúa legalmente naqueles casos nos é necesario cubrir nos servizos as baixas do persoal de administración e servizos.

Toma a palabra o Sr. Tasset Carmona, quen solicita que sexa máis áxil o sistema de renovación da licenzas de compras dos sistemas de antivirus da Universidade da Coruña, precisamente para que os antivirus estean debidamente actualizados.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 horas.